Declaración institucional de apoio a gandeiría e agricultura.

O campo atravesa unha difícil situación provocada por múltiples factores, como o aumento dos custos de produción; as asfixiantes demandas burocráticas e regulamentarias; a aplicación da nova PAC con máis esixencias ambientais que recaen sobre agricultores e gandeiros; e a seca.

Isto motivou que milleiros de agricultores e gandeiros se manifestasen para esixir ao Goberno de España e á Unión Europea un cambio no Plan Estratéxico da PAC, unha modificación das medidas ambientais e dos ecoréximes, a revisión da Lei da Cadea Alimentaria ou a derrogación da Lei de Benestar Animal.

Os agricultores e gandeiros españois enfróntanse a cargas dificilmente asumibles, con requisitos e custos que sufocan os seus beneficios, que non lles permiten garantir a súa rentabilidade e poñen en risco a sostibilidade das súas explotacións. A actuación do Goberno provocou unha perda de competitividade no rural, reducindo a produción en España e incrementando as importacións, cando debe ser prioritario garantir unha alimentación de calidade a prezos razoables para os cidadáns.

Defendemos aos nosos agricultores e gandeiros.

É por iso que por esta Deputación considérase fundamental:

1.- Mostrar apoio ao sector primario no Concello de Ordes extensivo a toda a súa Comarca, aos seus gandeiros e agricultores. Reivindicamos a súa gran importancia no desenvolvemento da nosa Comunidade Autónoma, tanto dende o punto de vista produtivo, económico e social, como ambiental.

2.- Apoiar o decálogo de medidas para afrontar a crise do sistema agrario e agroalimentario galego:

- **Prezos xustos dos nosos produtos**. Eliminación da especulación e creación de índices de referencia dos custos de produción en distintos sectores, incluíndo unha remuneración digna do traballo dos produtores, mecanismos para facer cumprir a Lei da CadeaAlimentaria e acabar con prácticas e marxes abusivas.
- **Rexeitamento dos tratados de libre comercio (Mercosur)** que poñan en risco as nosas producións, priorizándoas fronte a terceiros países que comercian coa Unión Europea.
- **Eliminar a burocratización** que asfixia a gandeiros e agricultores: Caderno Dixital, Decreto de Xestión da Explotación Bovina e Decreto de Fertilización Sostible do Solo.
- **Adecuación dos ecoesquemas e da PAC** á realidade da agricultura e gandería galega, pagos en función de persoas activas e non por superficie.
- **Contías suficientes** para atender as solicitudes de produción ecolóxica, así como todos os expedientes agroambientais e climáticos e axudas á incorporación.
- **Recuperación da terra agraria e a súa especial protección** para apoiar ao sector ante novos retos como cambio climático, novas enfermidades ou aumentos do custo dos combustibles. Fomentar a investigación pública que acompañe ao sector na situación actual e para afrontar novas incidencias ou problemas que afectan á gandería e á agricultura, acadando unha maior sostibilidade en cada unha das explotacións.

- **Promover o acceso da poboación a alimentos saudables** promovendo e apoiando os mercados locais, os circuítos curtos e a compra pública de alimentos ecolóxicos e de proximidade.
- **Mantemento da rebaixa do prezo do gasóleo** para o sector primario, así como das condicións do gasóleo agrícola profesional.
- Retirada do lobo da LESPRE, **indemnización dos danos causados pola fauna salvaxe** (xabaril, lobo, etc.) e de todas as perdas ocasionadas, que deberán minimizarse. Autorizar as batidasde control da fauna salvaxe.
- **Creación dunha figura mediadora na negociación** de contratos e posta en marcha de observatorios de prezos dos produtos agrícolas e gandeiros.

3.- Solicitar ao Goberno de España que adopte as medidas necesarias para aplicar este decálogo coa maior brevidade posible.

4.- Dar traslado dos presentes acordos aos grupos parlamentarios do Congreso, Senado e da Comunidade Autónoma de Galicia.